

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

EXTRACTO da Resolución do 28 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da II edición dos Premios Galicia de Innovación e Deseño e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento IN822E).

BDNS (Identif.): 573857.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto das bases reguladoras e a convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios dos Premios Galegos de Innovación e Deseño as persoas físicas e as persoas xurídicas que teñan polo menos un establecemento permanente en Galicia, validamente constituído, que manteña a súa actividade. En ambos os casos, en función da categoría a que concorran, deberán posuír as seguintes características:

a) Premios Galegos de Innovación:

– Categoría «Traxectoria Innovadora»: empresarios e profesionais cunha traxectoria de polo menos dez anos en que a innovación fose unha das súas características relevantes.

– Categoría «Grande Empresa»: grandes empresas cunha actividade innovadora de polo menos dez anos.

– Categoría «Pequena e Mediana Empresa»: pequenas e medianas empresas con demostrada actividade innovadora de polo menos cinco anos.

b) Premios Galegos de Deseño:

Premiarán persoas, institucións e organizacións que destaquen polo seu labor de posta en valor do sector do deseño galego.

– Categoría «Profesionais»: profesionais do deseño (persoas físicas ou equipos de profesionais) cunha traxectoria de polo menos dez anos de recoñecido prestixio no sector.

CVE-DOG: drfbkqp0-uen0-5fn6-evg3-y5ykqwh70bh5



– Categoría «Empresas»: empresas consolidadas que incorporasen o deseño á súa estratexia empresarial durante polo menos dez anos.

– Categoría «Mozos/as Deseñadores/as»: dirixido a aqueles creadores, cunha idade que non exceda os trinta e cinco anos no día de presentación da candidatura, e cunha traxectoria profesional inferior a dez anos.

Segundo. *Obxecto*

A finalidade dos premios é recoñecer o labor de persoas e empresas galegas pola súa excelente contribución á innovación como un elemento indispensable no desenvolvemento da súa estratexia profesional e o seu crecemento empresarial, alcanzando con iso altas cotas de competitividade nos mercados, tanto galegos, nacionais como internacionais.

Así mesmo, trátase de recoñecer os profesionais e empresas que contribúen significativamente á mellora do prestixio do deseño galego e as empresas que, ao incorporalo á súa estratexia empresarial, demostran que o deseño actúa como motor de innovación e competitividade.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Contía*

Todos os premios disporán dunha dotación económica de 15.000 €, menos nos casos relativos ao Premio Galego de Innovación categoría «Grande Empresa» e ao Premio Galego de Deseño categoría «Empresas» que terán un carácter estritamente honorífico.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será de tres meses contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día de publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2021

Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de Innovación

